



Teaching Guide

Identifying Data					2018/19
Subject (*)	Second Modern Language I: German			Code	662G01047
Study programme	Grao en Turismo				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	GermanSpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department					
Coordinador	Martín Cancela, Elena	E-mail	emcancela@gmail.com		
Lecturers		E-mail			
Web					
General description	Esta materia foi deseñada para dotar os futuros graduados duns coñecementos e habilidades mínimos necesarios para comprender e facerse comprender en situacións habituais da vida cotiá en países de fala alemá, así como para poder desenvolver unha conversación de temas cotiáns cunha persoa de fala alemá. Ademais proporcionaráselle ao alumnado uns coñecementos lingüísticos que lle permitan desenvolver as competencias lingüísticas mínimas (oral e escrita) para que sexan capaces de desenvolver tarefas en empresas do sector turístico con clientes de fala alemá ou outras empresas de países de fala alemá.				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A15	Traballar en inglés como lingua estranxeira.
A16	Comunicarse de forma oral e escrita nunha segunda lingua estranxeira.
A17	Comunicarse de forma oral e escrita nunha terceira lingua estranxeira.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes



Learning outcomes	Study programme competences / results		
Consolidar as estruturas básicas da lingua alemá a nivel básico.	A16	B1 B4 B6	C2 C7
Consolidar un léxico xeral básico para poder entrar en conversacións (de forma oral ou escrita) con persoas de fala alemá.	A6 A15 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6	C2 C7 C8
Consolidar unhas nocións básicas de léxico e estruturas gramaticais propias do sector turístico.	A13 A16	B1 B2 B4 B6	C1 C2 C5 C7
Coñecer os diferentes costumes, culturas e normas de comportamento nos países de fala alemá.	A16 A29	B3 B6 B7	C2 C3 C4 C6 C7
Comprender e producir mensaxes orais e escritas a nivel básico en situacións tanto persoais coma relacionadas co campo do sector turístico con empresas e persoas de fala alemá.	A13 A16 A29	B1 B6 B7	C2 C7

Contents	
Topic	Sub-topic
Sich vorstellen.	<p>AUSSPRACHE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Regras básicas da pronunciación alemá. - Entoación e acento alemá en oracións sinxelas. <p>GRAMMATIK:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xénero e número dos substantivos. - Artigo determinado e indeterminado e a súa declinación I. - Oracións simples: afirmativas, negativas e interrogativas. - O pronome persoal e a súa declinación I <p>KOMMUNIKATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións.
Die Familie	<p>AUSSPRACHE:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Regras de pronunciación: ditongos e vogais modificados en alemán(ä, ö, ü). <p>GRAMMATIK:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O artigo determinado e indeterminado e a súa declinación II. - Partículas interrogativas. - O pronome persoal e a súa declinación II - O verbo en presente de indicativo. - Verbos separables e non separables. <p>KOMMUNIKATION:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Preguntas con e sen partículas interrogativas.



An der Rezeption	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación e acento en oracións con dous verbos. .- Pronunciación das terminacións típicas da lingua alemá.</p> <p>GRAMMATIK: .- Verbos modais en presente do indicativo. .- O pronome persoal e a súa declinación III .- Conectores I. .- O adxectivo posesivo e a súa declinación.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Diálogos e formularios.</p>
Buchung	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación e acento en oracións coordinadas.</p> <p>GRAMMATIK: .- Preposicións II .- Conectores II.</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Las horas .- Pedir e dar información.</p>
Im Zimmer. Zimmer Beschreibung und Umgebungen.	<p>AUSSPRACHE: .- Entoación en oracións exclamativas.</p> <p>GRAMMATIK: .- O verbo en futuro de indicativo. .- O verbo en imperativo. .- Preposicións III</p> <p>KOMMUNIKATION: .- Expresar os plans futuros. .- Describir unha habitación. .- Dar indicacións pola cidade.</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Speaking test	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C7 C8	2	0	2
Supervised projects	A13 A15 A16 A29 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	20	30	50
Guest lecture / keynote speech	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	25	35	60
Workshop	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	10	20	30



Mixed objective/subjective test	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	2	0	2
Personalized attention		6	0	6
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Speaking test	Nos últimos días do curso terá lugar unha proba oral seguindo as pautas e indicacións explicadas en clase.
Supervised projects	O alumno deberá realizar exercicios de expresión escrita relacionados con cada un dos temas tratados na aula. O número das devanditas redaccións e a súa extensión serán fixados semanalmente polo profesor.
Guest lecture / keynote speech	O profesor impartirá as clases maxistras co fin de comunicar e transmitir aos alumnos os coñecementos básicos da lingua para que eles poidan aplicalos posteriormente no resto de actividades e probas que se desenvolvan ao longo do curso.
Workshop	Cada un dos temas tratados nas clases maxistras levará asignado unha serie de tarefas e exercicios destinados a consolidar e fixar os coñecementos explicados. As devanditas tarefas poderán ser ben orais ou escritas.
Mixed objective/subjective test	Ao final do curso realizarase 1 proba mixta final escrita que constarán de dúas partes diferenciadas: a.- Exercicios de gramática. b.- Expresión escrita + Comprensión lectora. Para superar a proba será necesario superar cada unha desas dúas partes por separado (exercicios e expresión escrita+comprensión lectora).

Personalized attention	
Methodologies	Description
Speaking test	Previa á proba oral realizarase unha sesión conxunta cos alumnos na que o profesor responderá e orientase ao alumnado de cara á devandita proba.
Supervised projects	
Workshop	Así mesmo os traballos tutelados irán acompañados de sesións breves (individuais ou en grupo) nas que se abordarán as problemáticas que vaian xurdindo ao longo do curso na realización das devanditas probas. A final de curso terá lugar unha última sesión na que se responderán e aclararán todas as dúbidas que aínda puidese haber.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Speaking test	A6 A13 A16 A17 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C2 C3 C4 C7 C8	A proba oral consistirá nun exercicio oral público tipo presentación e/o entrevista. Só os alumnos que teñan unha asistencia mínima dun 75% ás clases, e entreguen os traballos ao longo do curso, poderán presentarse a dita proba.	10
Supervised projects	A13 A15 A16 A29 B1 B2 B3 B4 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7	É necesario ter entregado un mínimo do 75% dos traballos tutelados para que a cualificación destes se teña en conta na nota final da materia. Os traballos, unha vez feita a primeira corrección por parte do profesor, deberán ser corrixis polos alumnos e deberanos de entregar novamente para que sexan tidos en conta na cualificación final da materia. O final do curso o alumno deberá contar con un portfolio que será entregado seguindo as indicacións de forma e tempo estipuladas para a súa valoración na avaliación final, sempre que a nota da proba mixta final sexa igual ou superior ao 4.5.	15



Mixed objective/subjective test	A13 A16 A29 B1 B3 B4 B6 B7 C2 C3 C4 C7	As probas mixtas constarán de dúas partes: a.- Exercicios de contido gramatical. b.- Expresión escrita e comprensión lectora. Será necesario ter un mínimo de 4 en cada unha das dúas partes das que consta a devandita proba para superar a materia (exercicios de gramática e expresión escrita e comprensión lectora). Para que se teñan en conta as notas obtidas no resto de traballos realizados ao longo do curso, e da proba oral, o alumno deberá de obter no exame final escrito unha nota igual ou superior ao 4.5.	75
---------------------------------	--	--	----

Assessment comments

- A entrega das redaccións, a proba oral e o resto de probas que se realicen ao longo do curso serán tidas en conta na valoración final da materia sempre e cando se trate da Convocatoria Ordinaria (1ª Oportunidade) e o alumno obteña unha nota mínima de 4.5 no exame escrito final.
- Para que os traballos tutelados podan ser tidos en conta na cualificación final da asignatura, o alumnado deberá presentar en forma y fecha o dossier final cos traballos tutelados. Ditos traballos Terán que ser entregados obrigatoriamente en formato papel, non podendo enviarse por correo electrónico.
- No resto de convocatorias a cualificación final da materia quedará supeditada ao exame escrito. Isto é aplicable a todos os alumnos.
- No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "norma que regula o réximen de dedicación ao estudo dos estudantes de grado na UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5)" a nota final da asignatura será aquela que resulte da proba mixta final mais os traballos tutelados. En caso de ser posible recoméndase ao alumno facer a proba oral para poder ser tida en conta, neste caso a nota final será a suma porcentual da proba mixta, a proba oral e os traballos tutelados. De calquera modo os traballos terán que ser entregados en la fecha que se establezca, para o que o alumnado terá que estar en contacto con outros compañeiros ou ben co profesor.
- Aquellos alumnos que incurran en prácticas ilícitas (emprego de tradutores automáticos para la elaboración de traballos tutelados, plagio, etc.) non poderán presentarse a proba oral e a cualificación nos traballos tutelados será de 0.
- Lembrase ós alumnos que o uso de calquera axuda ou dispositivo no examen final está totalmente prohibida, e no caso de utiliza calquera soporte no permitido quedará automáticamente suspenso independentemente da nota do examen e outras probas.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none">- Borruco, M (2000). Reisen. DaF für das Tourismusstudium. Lehrbuch.. Síntesis- Cohen, U. (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Lehrbuch. Langenscheidt- Cohen, U. (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Lehrbuch. Langenscheidt- Werner, G (2001). Grammatiktraining Deutsch. Langenscheidt
--------------	--



Complementary	<ul style="list-style-type: none">- Al Dreyer, H & Scmitt, R (2000). Lehr- und Übungsbuch der deutschen Grammatik. Hueber- Borrucco, M (2000). Reisen. Deutsch als Fremdsprache für das Tourismusstudium. Arbeitsbuch. Síntesis- Cohen, U (2000). Zimmer frei. Deutsch im Hotel: Arbeitsbuch. Langenscheidt- Cohen, U (2001). Herzlich Willkommen. Deutsch im Restaurant und Tourismus. Arbeitsbuch. Langenscheidt- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana. Idiomas- Castell, A (1997). Gramática de la lengua alemana: Ejercicios. Idiomas- Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Gramática. Herder- Corcoll, B & Corcoll, R (2006). Programm. Alemán para hispanohablantes. Ejercicios. Herder- Fandrych, C & Tallowitz, U (2008). Klipp und Klar. Gramática práctica del alemán. Klett- Lemcke, C & Rohrmann, L (2006). Grammatik. Intensivtrainer A1. Langenscheidt- Lemcke, Ch. & Rohrmann, L (2009). Berliner Platz 1 Neu. Langenscheidt- Rusch, P & Schmitz, H (2007). Einfach Grammatik. Übungsgrammatik Deutsch A1 bis B1. Langenscheidt
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Second Modern Language II: German/662G01048

Second Modern Language III: German/662G01049

Other comments

Recomendase ao alumno que planifique o seu traballo ao longo de todo o curso seguindo a materia de forma continuada e realizando as tarefas indicadas en tempo e forma correctas. O esforzo continuo permitiralle levar a materia de forma cómoda, consolidar os novos coñecementos apoiándose nos anteriores e asumir un ritmo de traballo axeitado seguindo as pautas e indicacións do profesor. O estudo individual da materia deberá ir ao mesmo tempo co temario e actividades que se desenvolvan na aula. No caso do idioma alemán, debido á complexidade que supón para alumnos hispanofalantes recoméndase especialmente que se leve unha asimilación e estudo dos conceptos adecuado para evitar as présas e falta de tempo a final de curso. O alumno deberá ser capaz de relacionar os diferentes conceptos que se verán ao longo do curso para poder desenvolver as súas capacidades lingüísticas e comunicativas coa maior eficiencia posible. En todo momento se poñerán a disposición do alumno consellos e pautas de estudo que lle axuden nesta tarefa. Así mesmo recordar a posibilidade de acudir a titorías personalizadas ao longo do curso para resolver problemas ou dúbidas individuais do alumno.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.